

**A INPECCIÓN DE TRABALLO MULTA Á EMPRESA POLAS HORAS EXTRAORDINARIAS**

No mes de maio CC OO presentou un escrito diante da Inspección de Traballo e Seguridade Social no que se denunciaba á Universidade de Vigo por consentir que en determinados servicios se permitira a realización de horas extraordinarias.

Tras realizar as oportunas comprobacións, a Inspección de Traballo nos comunicou, a principios de novembro, que estenderan acta de infracción (con multa económica) o terse comprobado que durante o ano 2001 dez traballadores realizaron un número de horas extraordinarias superior o legalmente establecido.

CC OO vai a solicitar de novo á empresa a relación de horas extras do ano 2002 e se de novo se sobrepasa o límite establecido por lei (a partir da aprobación do Iº Convenio son 60 horas) volveremos a denunciar. Non obstante, polas noticias que temos, a nova xerencia se está a tomar este asunto en serio e está poñendo orde naquelas áreas ou servicios nos que hai máis tendencia a facer uso das horas de velada.